



SÁBEME

a túa pel tersa
a centeo das rochas
acugulado de aires oceánicos, vendavais, brisas suaves
e círculos perfectos de aves atlánticas.

Percorrendo cobizosa o teu corpo,
atopo buguinhas nacaradas nas túas axilas,
sabores a sal,
deliciosas algas,
nádegas incribeis e nadadoras,
columna vertebral elástica e fragrante,
movementos amplos,
palpitares intensos.

Procuo a túa lingua entre os beizos tremecentes
e é a túa boca marusía incesante, espacio de auga
en movemento,
saír e entrar de líquido,
pracer belísimo,
fermoso rezumar de amor e flores brancas.

O teu corpo lévame onda as rosas profundas
e ofréceme gustoso un ceo de grans brillantes.

Quero as cunchas do teu tórax, as ondas do
teu lombo,
os ruídos mariños,
o xemer deste océano de augas altas e intensas.

Esvaran polas túas inguas pequenos anacos de mar
e déixome levar polas sinuosidades diúrnas.

Lucía Novas

Este poema pertence ó libro da autora *Epiderme de estío* (2001, Espiral Maior)



PROCURAMOS

a transparencia do mar, as axitacións
da resina, os carrameiros, a horizontalidade
na mañá luminosa,
as aves salvaxes, o recendo da brea.

Procuramos a riqueza, a fecundidade, a semente
das ondas, as cuncas
tan limpas, os peixes creados coas mans, o traballo
elevado.

Procuramos a frescura, as madeiras
ateigadas de océano,
a nítida viaxe ás Illas, as herbas sobre os cons,
o salitre que agarima
entre o vento
suave, delgado, clamor
no mediodía de estío (os lagos resplandecen
luminosos).

Procuramos unha terra non chousa,
aberta ás marés, aberta a este futuro, axitada
por vendavais, estremecida
de orgullo
pola forza e a intelixencia
que nos conducen á unión das nosas mans.

Procuramos a penetrante visión daquel océano
tan calmo
no final da tarde, na presenza
do centeo, dos toxos erguidos.

Procuramos os camiños sinuosos, as terras
endurecidas, as carrascas tremendas, as xesteiras
levantadas.

Procuramos o riso, a alegría, a fartura das mans,
a dignidade das vilas,
as vivendas
abertas ó futuro.

Procuramos o Atlántico, as faces alzadas, os alimentos
míticos, as redes inzadas de sal, os
cons
escalazados, a nortada
luminosa.

Coa aldraxe nas nosas rochas, co orgullo da nosa xiria
revolta,
procuraremos un futuro
agromado da dignidade...

Lucía Novas



(Poema recollido no volume colectivo *Negra sombra. Intervención poética contra a marea negra* (2003). Vigo: Federación de libeiros de Galicia, Espiral Maior, Xerais)